



TEXTOS GALEGOS DE CREACIÓN LITERARIA SOBRE O CASTRO DE VILADONGA

Felipe Arias Vilas

Manuel Cuba Rodríguez

Cómpre unha breve introdución para xustificarmos os criterios cos que esta achega foi elaborada polos dous autores que a asinan.

Aínda que non sempre foi así, as citas do castro (e/ou do museo) de Viladonga fixéronse xa moi frecuentes en todo tipo de bibliografía nos últimos vintecinco anos aproximadamente e as máis interesantes e significativas foron xa recollidas por un dos autores (F.A.V.) no Boletín Croa, desde o seu número 1 (de 1991, entrega ou capítulo I na p. 7) ata a entrega XI, publicada en Croa, N° 14 (de 2004, p. 13-16). Recompiláronse alí as referencias de carácter científico e/ou cultural, nun amplo sentido e mesmo algunhas de carácter 'turístico' pero que se consideraron importantes pola súa extensión ou difusión. A partir daquela data (2004) deixáronse de publicar (quizais erradamente) aquelas recompilacións periódicas, por razóns moi diversas, coincidindo ademais a proliferación das de carácter impreso cun inxente e case inabarcable espallamento das citas, mencións e referencias tanto escritas como gráficas nas redes de internet.

En cambio, debemos recoñecer que as mencións ou referencias, directas ou indirectas, de carácter literario -calquera que fose este- só se empezaron a ter en conta en tempos máis recentes e cremos que sobre todo por dúas razóns: unha, loxicamente, pola súa maior frecuencia e diversidade; e outra, a raíz da dedicación do Día das Letras Galegas a Manuel María no ano 2016 e a propósito precisamente dunha maior difusión da poesía que este autor chairego dedicou ao Castro de Viladonga nos seus Versos do lume e do

vagalume. A coincidencia destas dúas razóns motivou que algunhas persoas, amigas e boas coñecedoras deste conxunto patrimonial, demandaran unha recollida, ou cando menos unha escolma significativa das mencións de Viladonga, fose en poemas dedicados a este sitio arqueolóxico, ou ben inspirados por el (e que nos conste que así sexa), ou mesmo fose en escritos varios, publicados en formato de libro, unhas veces dentro de narracións noveladas, outras como ensaios e outras, en fin, como recompilación de artigos de diverso tipo, pretensión e destino.

O que aquí se recolle non ten, desde logo, carácter exhaustivo, pero cremos que si é unha escolma suficientemente significativa e representativa da presenza do castro de Viladonga e o seu museo anexo tamén na literatura galega en todas as súas multiformes expresións. Considerouse de interese, xa que logo, recoller estas referencias literarias, nas que respectamos sempre os textos coa súa lingua e grafía orixinal, acompañadas dun brevísimos comentario que permita contextualizar e comprender cada unha delas no seu tempo e nas circunstancias do seu autor ou autora, con cadansúa finalidade e, obviamente, o seu diferente resultado.

* O escritor chairego **Manuel María** Fernández Teixeira era visitante asiduo (sempre con Saleta Goy) e mesmo devoto do Castro (Fig. 1), e no poema escrito a fins dos anos 70 (como xa se comentou no Editorial do Boletín *Croa* nº 14, de 2004) incluído en *Versos do lume e do vagalume* (1982) e dedicado a este xacemento, transloce claramente a súa preocupación e o seu estado de ánimo diante do sitio á altura daqueles finais dos 70, cando xa finalizaran as escavacións de Chamoso Lamas pero non se iniciaran aínda (o que se faría en 1982) as dirixidas por Arias Vilas, polo cal o Castro deixaba ver un certo abandono, aínda que eran ben visibles as súas imponentes murallas e os diversos restos de estruturas descubertas ata entón na súa croa central, o que atraía xa numerosas visitas, tanto individuais coma (en menor medida) colectivas.



Castro de Viladonga, aberto aos ventos,
ollando as vagas nubes fuxidías,
illote de altivez e de impotencia,
ergueito como o puño dun petrucio
na soidade sen fin da Terra Chá,
habitado por cobras e lagartos,
xestas, uces, toxos e carqueixas
nas que aniña, cecáis, a cotovía
e florecen, ufanos, os balocos:
estalos pra ninguén, festas de nada...

Castro de Viladonga, círculo máxico,
símbolo do Pai Sol e máis da Vida,
feito da mesma terra que o meu corpo,
arraigado no ser da miña tribo
como unha mao noble e xenerosa
ou colo maternal, pois na Galiza
só hai feitura de colo ou mar aberta.
¿Pra quen, pra que, por que
tantísima tenrura derramada...?

Castro de Viladonga, montón breve
de vellas pedras nas que vive
o silencio, a ruína, a soedade:
imaxe xusta e fiel da miña patria.

* Un vate espontáneo, con orixes na comarca e de nome **Manuel Docando**, como asina en data 3-9-1988 no mesmo papel que logo fixo chegar ó propio museo (Fig. 2), é o autor dunha composición máis ou menos rimada e desde logo moi curiosa e singular, a cabalo entre o enxeño popular, a pretensión erudita, a transmisión oral e certos aires entre o kitsch e o naïf.

(Los Castros y museo de Villadonga)

Al Ministerio de cultura
si les fué bonito hallar,
en Villadonga su zona
un museo Estatal.

Casi, al norte de Lugo
tube la suerte de ver,
alto de quinientos metros
y sus cuevas de plecer.

Este monte forma copa
la cueva va suterranea,
vertical casi va ella
nadie se atreve a bajarla.

Dacta de antes de Cristo
segun sus escabaciones,
consumidos ya los hierros
se forman mil opiniones.

Lo visité ,estos dias
la verdad , lo vi extraño,
ver cruzadas galerias
hechas por cuerpos humanos.

Vi galerias antiguas
ví las piedras desgastadas,
objetos ya consumidos,
pero de miles de años.

Cubrian sus parapetos
dejando sus galerias,
nadie cree, que, en ellos
viviria una familia.

Cien metros, circunferencia
cruzan paredes unidas,
no se sabe como estaban
esas humildes familias.

Se hallaron cosas de oro
cerámica grande e chica,
piezas que yo no comprendo
en variadas galerias.

Este Museo , es hoy
un capricho de galicia,
por contar con estos Castros
y Villadonga , es su sitio.

Lo paseé , con ilusión,
pero pensando la vida,
cuantos años se pasaron
construyendo ~~en~~ fatigas.

Me gustaria grabarlo
para entenderlo mejor,
como bonito recuerdo
de todo lo que pasó.

Los sicólogos lo entienden
en sus estudios lo aclaran,
con su intento y buena fé,
se lo explicaron a españa.

Por Manuel Docando Tr. 310120

Manuel Docando
3-9-1988

Los castros y museo de Villadonga

Al Ministerio de Cultura
si les fue bonito hallar
en Villadonga su zona
un museo Estatal.

Casi, al norte de Lugo
tube la suerte de ver,
alto de quinientos
metros
y sus cuevas de plecer.

Este monte forma copa
la cueva va suterranea,
vertical casi va ella
nadie se atreve a bajarla.

Dacta de antes de Cristo
segun sus escabaciones
consumidos ya
los hierros
se forman mil opiniones.

Lo visité, estos días
la verdad, lo vi extraño,
ver cruzadas galerías
hechas por cuerpos
humanos

Vi galerías antiguas
ví las piedras
desgastadas,
objetos ya consumidos,
pero de miles de años.

Cubrian sus parapetos
dejando sus galerías,
nadie cree, que, en ellos,
viviria una familia.

Cien metros,
circunferencia
cruzan paredes unidas,
no se sabe como
estaban
esas humildes familias.

Se hallaron cosas de oro
cerámica grande e chica
piezas que yo no
comprendo
en variadas galerías.

Este Museo, es hoy,
un capricho de Galicia,
por contar con
estos Castros
y Villadonga, es su sitio.

Lo paseé, con ilusión,
pero pensando la vida,
cuantos años se pasaron
construyendo
con fatigas.

Me gustaría grabarlo
para entenderlo mejor,
como bonito recuerdo
de todo lo que pasó.

Los sicólogos lo
entienden
en sus estudios
lo aclaran,
con su intento
y buena fe,
se lo explicaron
a España.

* **Xosé Manuel Carballo Ferreiro**, cura de Castro de Rei, escritor (e mago, e contacontos e argalleiro de moitas outras actividades, todas feitas a prol da comunidade chairega), cita Viladonga en varias partes da súa entretida novela *Don Otto de viaxe pola Chaira* (Ed. Citania, Lugo 1993, con debuxos de Alberto Varela Ferreiro), (Fig. 3), e nela dedica ó Castro todo o capítulo titulado 'Un castro que os chairegos non trocarían, pelo a pelo, nin devolvéndolles moito, pola mesmísima pirámide de Keops', do que entresacamos, en primeiro lugar, os comentarios entre o vello arqueólogo alemán don Otto e a súa muller Eurika ó estaren diante do Castro (p. 98):



...

Xa na cima do Castro, non ben traspasada a última muralla, Eurika non puido menos de exclamar:

- ¡Marabiloso!

- ¡Marabiloso e fantástico! ¡Único e irrepetible!

Remachou Don Otto.

A primeira emoción do momento impediulles ver a un home, vestido todo de pana negra, calzado con alpargatas brancas de esparto con trenzas e cuberto con "pajilla", por caridade dun habaneiro, que comía á sombra dunha xesta un bo pedazo de pan e un cacho tampouco pequeno de touciño pola paletaña

...

Así mesmo, hai que ter moi en conta o resto do capítulo coa impagable intervención deste home, Faustino, un paisano do lugar coñecido logo coma o Tolo do Castro, da que se poden salientar, por exemplo, as súas duras admonicións diante do sabio arqueólogo teutón contra os que queren derramar as súas raíces e os seus mitos (p. 104 ss.):

...

Don Otto, sen poder esquece-lo que fora, botou man dunha pedra alargada, estreita e aguzada e púxose a sachar no chan.

Estando entretido neste enredo, despertou o tolo e, coma un energúmeno increpouno

- ¿Quen lle deu permiso para remexer nas miñas raíces? ¿Non sabe que aí está enterrado parte de min?

O vello asustouse ó pillalo desprevenido e, moi maino, respondeu:

- Perdoe, non era a miña intención molestar.

- Pois despertoume e mancoume. ¿Non ve que as raíces son moi delicadas?... Pero non teña medo... que eu non son agresivo... As miñas raíces son celtas ¿sabe?...Boh...Eu ben sei que de todo celtas non son pero...

–achegouse o tolo a Don Otto e díxolle ó oído-, non llo diga a ninguén, porque convén que se crea que son celtas de todo... e só celtas. Vostede non diga tampouco a ninguén que non son de todo celtas... ¿Promete que me ha de garda-lo segredo?

En voz moi baixa preguntoulle Don Otto tamén ó oído:

- ¿Por que convén que se crea que son celtas de todo?

Sen ergue-la voz nin un semitón, seguiu o toliño:

- ¡Polo mito, que tamén forma parte da identidade!... Vostede parece algo pampo señor estudado... Olle como nos mira a súa muller ¿ou é a súa querida?... ¡Boh!...Se cadra é a súa enfermeira...¿Sabe que pensa?... Pensa que o entolei.

E sen máis púxose a cantar con ritmo de pandeirada...

...

* **Margarita Ledo Andión**, escritora e profesora de fondas raíces chairegas, inclúe estes dous textos na publicación *Menciña Vermella*, impresa en Valencia en 2002 e feita para acompañar a orixinal Exposición audiovisual contemporánea do mesmo título, creada en 1994 polo artista Bernardo Tejada, tamén de Castro de Rei e instalada no Museo do Castro de Viladonga co gallo da celebración do Día Internacional dos Museos o 18 de maio de 2002.

...Lugar no que non se pode acada-lo Outro, o que nos chega, como a voz do lobo, dende aló do alén, como non se pode, esquiva-lo tempo: no uso dos materiais recoñécibeis, nas codificacións –na construción– dos conceptos, nas tecnoloxías e nas formas mediáticas e indecorosas da cultura visual. Porque tampouco se pode deixar que se reduza o mundo para os espazos institucionais, e alonga-lo nó, a orixe da ideación, para esa vulva de pedra clandestina que se sitúa no interior de Viladonga. O sublime contra o pintoresco, a suxeitividade dende o espazo que nos é externo e que é colectivo, os materiais que tronzan o alento, os ollos como sinal rápida á beira da autoestrada. Outravolta as duplicidades. Reaxese, agora, cara un

lugar lonxano e ignoto, cara Castro de Rei, dende o modo de vida estándar da civilización e do mundo de producir formulacións estéticas. Ate se esvaer nos circos de ameneiros de onde, con toda parsimonia, esa luzada.

(Santiago, setembro 1994).

Construcción espacial en terceira e cuarta dimensión, como as obras de Pevsner, ‘Menciña vermella’ intervén nun lugar que, en si mesmo, leva a sinatura do tempo. Intervén no Castro. Ao contemplar a obra de Bernardo ben como escultura, ben como elemento dun certo sistema que o autor vai pechando en circos con cada unha das súas realizacións, ben como artefactos da cultura industrial, o noso imaxinario vai producir o seu propio diálogo con ‘Menciña vermella’, pero sob ese interior interminable do Castro.

Cando polo medio do verán volte ver ‘Menciña vermella’ xa non a poderei relacionar cos pequenos envases, mediados dunha densa suspensión azul e verdeirlanda, que gardo na miña estantería dende a exposición do 94. Cando volva ver ‘Menciña vermella’ como se luíra no paradoxo do Land Art. Nunha obra de factura seriada, hipermaterial e, ao tempo, enigmática, o lugar vai levarme ao obsesivo acabado de moitos traballos de Bernardo, tal os moitos traballos que se desenvolveron na historia do Castro.

No diálogo final, ese no que a obra comunga o seu límite físico coa transferencia entre contrarios, movemento continuo de nos propios arredor da sospeita.

(Dublín, maio 2002).

* **Xosé Miranda**, escritor e profesor lugués de longa traxectoria, fai referencia escrita ó Castro de Viladonga nunha das súas novelas, a destinada maiormente á xente nova e titulada *Álvaro e Álvaro* (Ed. Xerais, Vigo 2004, p. 20), acompañando un debuxo alusivo da autoría de Patricia Castelao (Fig. 4).



...

Non se desanimou e seguiu buscando a entrada das Covas [*Refírese á Cova do Rei Cintolo, na que o rapaz Álvaro, protagonista da novela, se desdobra noutro Álvaro distinto*]. As horas ían pasando. Tiña fame e sede.

E mentres, o outro Álvaro foi por un camiño seguro, recto, ancho e dereito ata a saída, atopou os seus compañeiros, que nin se decataram da súa falta, uniuse ao grupo, conversou con un e con outro sen que ninguén apreciase o cambio, fixo bromas coa profesora, subiu ao autobús, cantou con todos, riu, durmiu un pouco, visitou o Museo do Castro de Viladonga, conversou co seu director, don Felipe Arias, que era un señor de barba que parecía que sabía moito dos antigos (pero máis sei eu, que o meu avó Cantescoito viviu naqueles anos) e volveu á Coruña.

...

O mesmo **Miranda**, autor para quen os castros son motivo e escenario habitual de varios dos seus relatos, inclúe, no capítulo *Lenta Luz nos Lousados (1973-1982)* da obra titulada *As Cidades Mergulladas (Poesía reunida 1973-2002)* e publicada por Ed. Xerais (Vigo 2003), este curioso poema cheo de humor e sátira no que, pódese dicir que de xeito anecdótico, aparece citado o Castro de Viladonga así coma outras referencias da mesma comarca como Meira e o río Miño.

Vintetrés meigas candongas
para chamar a atención
foron a bailar a conga
o fox-trot e o charlestón
ó castro de Viladonga.
Velliñas meigas, traídas
polo vento, o corazón
vai combatendo as feridas
con cuba-libre de ron
e outras bebidas.
Destragadas feiticeiras,
drogadas, sen ton nin son
entraron todas na feira
causando tal sensación
cal nunca se vira en Meira.
Todas vinterés no Miño
botaron a maldición:
"Que a túa auga sexa viño".
Pero a desesperación
ten máis moas ca un muíño.
(1980)

* **Xosé Neira Vilas**, un dos escritores galegos máis coñecidos pola súa extensa produción literaria e a súa circia personalidade, fala do conxunto patrimonial de Viladonga nun artigo publicado orixinariamente no xornal *El Correo Gallego* e logo recollido no libro *Xentes e camiños* (Ed. Xerais, Vigo 2005, p. 163 s.). Aínda que con menos frecuencia que Manuel María, as visitas de Neira Vilas ó xacemento de Viladonga foron varias, sempre coa súa compañeira Anisia Miranda e a miúdo cos seus bos amigos Mini e Mero, facendo en todas as ocasións asisados comentarios e preguntas sobre o sitio e a súa significación arqueolóxica e histórica para Galicia. Aínda que este texto é maiormente descritivo e con escasas connotacións de creación literaria, incluímolo aquí por ser da insigne autoría de quen é.

No Castro de Viladonga

Coma quen viaxa ó pasado, visitamos con grande interese o Museo do Castro de Viladonga -mostra cabal da cultura castrexa- que se acha na Terra Chá, a 25 quilómetros da cidade de Lugo e moi preto da Serra de Meira. Aténdenos Felipe Arias, o director.

O castro foi habitado polos romanos do século III da nosa era, ó tempo que se construía a muralla lucense, pero existen evidencias de estruturas materiais anteriores, é dicir, da Idade do Ferro.

Este xacemento descubriuse en 1911, cando un campesiño do lugar atopou un torques de ouro. Nos anos setenta comezaron as escavacións, baixo a dirección de Manuel Chamoso Lamas, e quedou á vista toda a croa, con vivendas, murallas, foxos, antecastros e demais.

Nunha segunda fase consolidouse a descuberta e clasificáronse os materiais atopados, tales como torques, doas de colares, aneis de ouro, ferro, bronce e acibeche, unha arracada, moedas, arcos de cabalería, balanzas, armas, ferramentas, muíños manuais...

Tendo en conta a importancia arqueolóxica deste castro foi que se creou o museo, con función conservadora, científica, didáctica e comunicativa.

Intégranse catro salas que en conxunto están dedicadas ó Medio natural e Hábitat, Cultura material, Crenzas e Información complementaria, todo instalado mediante a máis moderna técnica museística e de xeito moi atractivo e didáctico. Conta ademais cunha sala de actos, biblioteca, salas de traballo, laboratorio fotográfico, sala de debuxo e reprografía, almacén de fondos arqueolóxicos e outras instalacións.

Sobre os castros queda aínda moito por investigar, como sobre outros aspectos da romanización de Galicia. Dinos Felipe Arias que, por exemplo, non apareceu ningún cemiterio ou crematorio. Especúlase con que puidesen guindar os mortos no río. Non se sabe. Esta e outras incógnitas están por resolver. Mentres, en Viladonga seguen traballando, indagando.

Paga a pena achegarse a este museo e desandar dous milenios para saber algo máis dos nosos devanceiros.

* **Delfina Amoroso Abuín** forma parte da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga e unha das súas afeccións é cultivar a poesía, cunha grande sensibilidade como amosa nesta composición publicada en *Xistral. Revista lucense de creación poética* (Concello de Lugo, nº 18, 2015, p. 12 s.) e inspirada neste xacemento tal como recoñeceu a propia autora.

Pedras muiñeiras

A música sae case que celestial das entrañas da terra.
Notas longas e lixeiras debuxan un sorriso.
Sol que reflicte mil cores e acompaña a Soedade.
As pedras, tesouro da vida, caen limpas e escachizadas.

O seixo branco,
folerpas de neva nas mans do pequeno trobador
que dá forma á súa morada

E ti, home,
arquitecto dos sonhos
debuxas no vento
xuntas, levas, carretas, unha riba doutra, pedras
procuras un lar, unha domus, onde poder facer o teu
niño.

Unha xornada, un ano, un lustro, un século
e pedra sobre pedra
compós unha bonita xeometría

O tempo, testando na croa, no cumio do monte
escollido polos anteras
amosa o seu esplendor

Ti, el, o neno, o avó, a nai
dobrados os xeonllos no chan
agochando o aterecido corpo no longo solpor
e arroulados polas meigas do sono e do lume
pechades os ollos na noite escura.

A nai terra olla para vós
trobadores das leiras
das cimas, dos montes,
da auga.

Natureza que,
sinxela e fermosa,
amosa o seu rostro agradecida.

Espállase o sol
e inunda os campos da colleita,
a choiva fecunda o manto negro que a acolle.

Trísceles,
torques que adobían as mulleres
escintilan sobor do liño
que as viste.

Círculos, rectángulos habitados por almas xemeas
gardan o seu destino.

O gran froito dos homes e da terra
esmorece entre dúas pedras muiñeiras
nacendo nun novo berce.
E así xurde un pobo.

* **Dolores Teijeiro** Díaz, informante da tradición oral da comarca, creou esta composición poética, datada o 12-04-2016 en Santiago de Duarría e recollida por Ana Rubiero da Pena e Carolina Pérez Pérez no artigo publicado en *Croa*, 26, 2016 (“Proxecto de recuperación da tradición oral na contorna de Viladonga (I). Concello de Castro de Rei”, p. 64).

Xosé Otero Canto, profesor xubilado de lingua e literatura e tamén prolífico escritor, ten dedicado moitas páxinas a elementos e episodios varios do patrimonio e da historia chairega e en 2016 compón un longo poema romanceado (unha das súas querencias literarias) sobre o tema do acervo inmaterial que rodea a fonte de Coutodá da parroquia de Ramil, con vinculacións co propio Castro de Viladonga.

O Castro de Viladonga

Fuche pai
fuche nai
fuche vida
fuche riqueza.
Fuche ledicia
fuche pensar
fuche saber
fuche soñar.
Fuche traballo
fuche suor
fuche alonxar
fuche lágrimas.
Fuche sangue
fuche finar
eres polvo eres terra.
Eres anacos de pedra
eres anacos de barro
eres beleza beleza
eres Castro de Viladonga.
Eres tesouros riqueza
arrastras os teus amigos
que fan contigo unha festa
disfrazados de romanos.
Levando o casco na testa
veñen dos pobos de fóra
queren pisar a túa terra
túa e máis miña
esta terriña galega.
Pandeiretas e pandeiros
gaitas e a xente aquela
fan soar Nesa Terriña
a nosa música galega.
E outros centros culturais
e ese Museo
eres Castro eres Castro
cultura e máis desexo.

Lenda da princesiña encantada

I

Na fonte de Couto de Á
de Ramil mora unha xana
ao rente dunha capela
alcumada Santa Ana,
da casa dos Vilamarín
hoxe xa deshabitada,
xorde unha lenda celta
na fonte referenciada.
Lavadoiros da parroquia
onde a roupa desañaban
as mulleres seareiras
nas augas limpas e claras
que abrollan dende unha furna,
oco en pedra paredada,
que vén do fondo do castro
de Viladonga encanada.

II

Na fonte áchase unha troita
que é princesiña encantada.
Se te achegas silandeiro
sen que a sombra te acusara
poderás ver a raíña
movendo o corpo e a cara.
Non sabemos quen llo fixo,
nin por qué se transmutara,
mais é certo que alí mora
unha moura enmeigada,
agardando, supoñemos,
quen repoña a súa faciana
e o corpo que noutroa
con donaire acaneaba,

-a xulgar nas xirigonzas
coas que a troita se randeaba-

III

Dende tempo inmemorial
vive na corga auxiliada
polas mulleres que ían
coas tinas enrodeladas
de roupa para enxaugar,
batida e debullada,
e mentres isto facían,
anacos de pan botaban,
eran frangullas pequenas
xa que o sal podía matala,
mais querían recordarlle
co que antano xantaba
pois hogano prefería
os saltóns que besbelleaban
e as miñocas lampexantes
que as lavadeiras chimpaban.

IV

Din os vellos vagarosos
que se por fado ou por azar
desaparecese a troita,
-que é princesa soberana
e raíña do lugar-
ou por se acaso morrera
esta troita principal,
corresponde na bisbarra
aos veciños repoñela,
collendo outra xarada
no río Azúmara que escorre
preto da fonte encantada,
paseniño e lizgairo,
envexoso e en compañía
dos ameneiros altivos,
salgueiros e ramallada,
en busca do Miño canso
para acabar a xornada.